

Correspondentes xuvenís 3.0



XUNTA DE GALICIA

Correspondentes xuvenís 3.0

O programa Correspondentes xuvenís 3.0 pretende contar cunha antena informativa en cada centro educativo, que se responsabilice de recoller a información en materia de xuventude enviada desde a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e desde a OMIX da súa localidade para difundila entre o alumnado do centro. Para iso contará co apoio do persoal do centro coordinador de información xuvenil e co profesorado participante no programa.

É un programa que implica o alumnado voluntario, que serán os correspondentes das antenas informativas, o profesorado do centro educativo que coordina os correspondentes, os espazos xove e as OMIX das localidades onde haxa un centro educativo que imparta ESO, bacharelato ou calquera ciclo formativo de FP.



Os obxectivos específicos deste programa son:

1. **Difundir a información de interese para a mocidade que está nos centros a través de correos electrónicos, mensaxería, redes sociais e a través da información da páxina web <http://www.xuventude.net>.**
2. **Ofrecer ás mozas e aos mozos que queiran ser correspondentes nos centros, a posibilidade de informar os seus compañeiros e así favorecer a participación e a maduración persoal, fomentando unha educación que axude a pensar e desenvolver o espírito crítico.**
3. **Facilitar o acceso dos mozos e das mozas ás actividades, programas e carnés que ofrece a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, descentralizando, deste xeito, a información nuns centros claves para o noso público.**
4. **Traballar en rede cos centros, permitindo a recepción de información das actividades, iniciativas e propostas do alumnado, permitindo a súa canalización e potenciando, así, os servizos de información xuvenil entre a mocidade dos centros educativos.**
5. **Formar a mocidade na xestión do manexo da información, potenciando as súas habilidades sociais e a asunción temperá de responsabilidades.**
6. **Recoller información das actividades que se organizan por ou para a xuventude desde os propios institutos ou outras institucións do seu contorno para difundila ao resto da mocidade galega.**

Os correspondentes xuvenís son mozos ou mozas, estudantes de segundo ciclo da ESO, bacharelato ou ciclos medios e superiores de formación profesional que, mediante unha formación previa e apoiados polo profesorado participante, se encargarán de informar os demais compañeiros, sobre as convocatorias, carnés xuvenís, recursos e actividades que poidan ser do seu interese.

Os correspondentes terán as seguintes funcións:

1. Xestionar un taboleiro informativo con información sobre temas do seu interese.
2. Difundir a información que reciban a través dos medios ao seu alcance: redes sociais, entre os delegados de clase, compañeiros de instituto, etc.
3. Manter actualizado e ordenado o taboleiro informativo do centro.
4. Asistir ás reunións de coordinación que se convoquen, así como aos cursos de formación organizados pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado destinados aos correspondentes.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado xunto coas oficinas de información xuvenil da zona enviarán a información xunto coa que xere o propio correspondente.



Beneficios para os/as correspondentes:

- Recibirán gratuitamente formación en materia de información xuvenil.
- Recibirán gratuitamente o carné xove, o carné internacional e o carné de alberguista durante o ano escolar no que están como correspondentes.
- Terán preferencia nalgúns dos programas da DXXV nos que así conste nas súas bases.
- Recoñeceráselles, mediante un certificado expedido pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, o tempo dedicado ás actividades como persoas voluntarias.

Centros a que se dirixe:

- Institutos e centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan 2º ciclo da ESO, bacharelato ou algún ciclo formativo de formación profesional.

Alumnado a que vai dirixido:

- 3º e 4º da ESO, bacharelato e alumnos/as de calquera ciclo formativo de formación profesional.

Duración: curso completo

Número de centros participantes: non hai límite

Prazo para inscribirse: ata o 30 de setembro de 2014

Lugar de inscrición: Centro Coordinador de Información Xuvenil

Persoa responsable: Jaime Díaz Fiuza



881 997 606



<http://www.xuventude.net>



jaime.diaz.fiuza@xunta.es





galicia



XUNTA DE GALICIA